

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2023 pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de persoas admitidas e excluídas no proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía (código de procedemento PR461D).

O 5 de maio de 2023 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG) número 86 a Orde do 19 de abril pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía (código de procedemento PR461D).

O 23 de maio de 2023, o *Boletín Oficial del Estado* publicou o anuncio da dita convocatoria e abriuse o prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez rematado este prazo, e de acordo co establecido no punto 4.1 da referida Orde do 19 de abril, esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar con carácter provisional as listaxes de persoas admitidas e excluídas ao proceso de provisión por mobilidade convocado pola Orde do 19 de abril de 2023 (DOG núm. 86, do 5 de maio), así como as listaxes de persoas exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega.

A listaxe provisional de persoas admitidas poderá consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante, Agasp) <http://agasp.xunta.gal>

A listaxe de persoas declaradas exentas e non exentas da realización da proba de lingua galega poderá consultarse a través da páxina web oficial da Agasp <http://agasp.xunta.gal>

A listaxe provisional de persoas excluídas no proceso de provisión por mobilidade, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

De conformidade co establecido no punto 4.2 da convocatoria, as persoas excluídas e as persoas declaradas non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao

CVE-DOG: e135rby9-1hr6-41j2-3zr2-jhtuditapnc1



da publicación da presente resolución no DOG, para emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos de lingua galega.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude no proceso de acceso por promoción interna, non consten nin como admitidas nin como excluídas nas listaxes publicadas.

A Estrada, 27 de xullo de 2023

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

ANEXO

Listaxe provisional de persoas excluídas. Proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía convocado pola Orde do 19 de abril de 2023

NIF cifrado	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	Causa exclusión
***0050**	Ángel	Barreiro	Fraga	1
***0722**	Daniel	Bustabad	Santiago	1, 2
***3222**	Carlos	Cancela	Calvo	2,3
***1507**	José Adolfo	Cid	Cid	4,5
***4630**	Salvatore	De fusco	Goyanes	2
***6961**	Víctor	Diz	Gonzalez	2
***5475**	Antonio	Gavin	Baamonde	1,2,3
***0300**	Laura	González	Gil	2
***6823**	David	González	Martínez	2
***7071**	Sergio	Martínez	Ferreira	2
***5738**	Daniel Manuel	Martínez	Ponce	2
***9934**	José Manuel	Moure	Rivera	1
***2453**	Iván	Perez	Soto	2
***3567**	Roberto	Rajoy	Otero	1
***9653**	Mónica	Rey	Rodríguez	1
***8784**	Ángel	Rial	González	1,2,3
***5267**	Brais	Roca	Acuña	2

CVE-DOG: e135rby9-1hr6-41j2-3zr2-jhtuditapnc1



NIF cifrado	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	Causa exclusión
***1397**	Maria Noemi	Sánchez	López	1
***9839**	Claudio Alberto	Santorio	Paleo	3
***6239**	Eloy	Vázquez	Cedeira	2
***0761**	Alexander	Vila	Duran	5
***3961**	José Antonio	Villamor	Silva	2

	Causas de exclusión
1	Modelo de instancia ou solicitude non válido ou incompleto
2	Non acreditar ou non cumprir o establecido no puntos 3.3.1.g) da convocatoria-certificado
3	Non acreditar ou non cumprir o establecido nos puntos 3.3.1.e)-relación de méritos
4	Non acreditar correctamente o pagamento das taxas
5	Non acreditar requisito de titulación

